



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 003/21
5 de Decembro de 2021

NOVOS PREZOS SEGUROS DE PROBAS PARA A TEMPADA 2021-2022:

TIPO DE PROBA (*)	LIMITE ASEGURADO x SINISTRO	PRIMA TOTAL CON IMPOSTOS
Rallyes e Raids	70.000.000 €EUROS (Para danos corporais)	242,17 €
Montaña		196,77 €
Velocidade circuito permanente		158,55 €
Velocidade circuito urbano		306,34 €
RallyMix, Rallysprint e Rallye Fórmula		137,59 €
Autocross		41,25 €
Karting circuito permanente		18,64 €
Karting circuito urbano		36,27 €
Slalom, Orientación, Gymkana, Vintage e Habilidade	15.000.000 €EUROS (Para danos materiais)	41,25 €
4x4, Trial, Todoterreo		41,25 €
Regularidade Sport (Montaña)		41,25 €
Concentracións non competitivas		18,07 €
Shakedown		17,81 €

ADESTRAMENTOS OFICIAIS NON COMPETITIVOS 50% das primas da súa modalidade de competición

Artigo 7.- SEGUROS.

7.1.- O Regulamento Particular deberá indicar con precisión tódalas disposicións referentes ós seguros, os suscritos polos organizadores, e os previstos para garantir ós Concursantes (descripción dos riscos e das cantidades cubertas).

7.2.- O Organizador, xunto coa súa solicitude de aprobación dos Regulamentos Particulares da proba deberá acompañar unha solicitude de póliza de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria de automóbiles. Dita póliza deberá conter con carácter mínimo as garantías e condicións particulares establecidas na Lei de Circulación, publicada no B.O.E.

7.3.- Seralle denegada a saída ós vehículos que non estean en perfectas condicións, que non presenten o certificado da I.T.V. debidamente actualizado, e o Seguro Obrigatorio de Accidentes do vehículo en vigor nas modalidades de Rallyes, Montaña, e Slalom; coas excepcións dos vehículos específicos de competición para as modalidades de Rallymix, Montaña, e Autocross.

7.4.- O vehículo "0" (Director de proba na estrada), vehículo "00" (Vehículo Escoba), e vehículo "000" (Xefe de Seguridade); nas modalidades de rallyes, rallymix e montaña, terán que asegurarse, como se foran vehículos participantes, e incluílos nas listas de inscritos dos pilotos, e publicalos oficialmente.

7.5.- Tódalas entidades, ó día seguinte ó do peche das inscricións, deberá abona-la totalidade do importe dos vehículos inscritos ós efectos da obtención dos correspondentes certificados de seguro, mediante ingreso directo na Conta Corrente número ES45-0182-4730-3702-0162-4559, do B.B.V.A., a nome da FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, remitindo vía correo electrónico (fga@fga.es) a lista de inscritos, e a copia do resguardo-abono do ingreso.

7.6.- Entenderase sen efecto, o permiso de organización expedido pola Federación Galega de Automobilismo, a tódalas organizacións que non abonasen a póliza de seguro da proba na forma indicada no apartado anterior. A tales efectos quedará sen validez o "permiso de organización" ante a carencia de seguro da proba".

7.7.- Terase que presentar na Subdelegación do Goberno de España, e na Delegación de Interior de Galicia as copias dos Regulamentos Particulares das probas que sexan solicitadas, debidamente aprobados na secretaría da Federación Galega de Automobilismo, así como copia do certificado do seguro (compulsado), e copia do abono do mesmo; así como modelo de abono de taxas, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.